

CICLO bauhaus

OUTUBRO 2019 | XANEIRO 2020

Salón de actos
Real Academia Galega de Belas Artes
Praza Pintor Sotomayor, 1
A Coruña

20:00 h



**Real Academia Galega
de Belas Artes**

Día 15 de outubro

DE ONDE VEU A BAUHAUS FERROZ

Celestino García Braña. *Arquitecto e Académico Numerario da RAGBA*

A Bauhaus e o Constructivismo soviético foron as máis influíntes correntes artísticas das vangardas europeas e a súa influencia alcanza, aínda con intensidade, ata o noso presente. Pero aquí tratarase de rastrear, non nas súas consecuencias, senon na cadea de coñecementos que influíron determinadamente na súa xestación ¿inevitable?

Día 22 de outubro

AS ORIXES DA BAUHAUS, BELEZA E FUNCIONALIDADE AO MESMO NIVEL

Xosé Manuel Casabella López. *Doutor Arquitecto e Académico Numerario da RAGBA*

A Bauhaus, durou so 14 anos antes de que os nazis a pecharan e, sen embargo, demostrou ser un imán para moitas cousas novas e experimentais en arte, deseño e arquitectura. O seu legado exerceu unha enorme influencia no cambio de aspecto físico do mundo cotiá, desde o deseño á arquitectura ou o urbanismo". O nome Bauhaus deriva da fusión das verbas Bau, "construcción", e Haus, "casa". A Escola estivo aloxada en tres sedes -Weimar, Dessau e Berlín- e tivo como directores a tres arquitectos: Walter Gropius, Hannes Meyer y Mies van der Rohe. Antes da súa creación existía xa unha escola de Artes e Oficios dirixida polo arquitecto Henry van de Velde, pero o director belga tivo que abandonar Alemaña por consideralo un inimigo. ...verdadeiramente, a Bauhaus foi unha escola e non un estilo estático ou un movemento... "No Bauhaus Style e No Bauhaus Fashion".

Día 5 de novembro

TRAUMATISMOS DO MOVEMENTO MODERNO

José Ramón Soraluce Blond. *Doutor Arquitecto e Académico Numerario da RAGBA*

A historia da Arquitectura Moderna á a historia de occidente na primeira metade do século XX. Unha permanente situación de conflito que acabou coa vida dos seus fráxiles exemplos de arquitecturas modestas, obras que coñecemos por fotografías en branco e negro e a través das replicas ou clonacións realizadas con posterioridade.

Día 19 de novembro

COMO PINTAR EN BAUHAUS DESDE WITTGENSTEIN A KING KONG

Juan Fernando de la Iglesia. *Catedrático de Escultura da Facultade de Belas Artes de Pontevedra*

Dous profesores de pintura convocados por Gropius, Johannes Itten e Paul Klee propón modelos de coñecemento da realidade ben diferentes. Figuras do tenso contexto de entreguerras, en difícil equilibrio entre expresionismo e constructivismo, surrealismo e racionalismo, ou artista e artesano, que Bauhaus propoñía reunir desde a arquitectura. A filosofía de Husserl, o ballet mecánico de Léger, as "sin sombrero" españolas ou a teoría do obxecto deseñado, danse cita nun labirinto onde algúns personaxes como o americano Man Ray ou o xudeu Walter Benjamin o percorren entre as proclamas e o risco.

Día 26 de novembro

SÜDBAUHAUS

Fernando Agrasar Quiroga. *Doutor Arquitecto e Académico Correspondente da RAGBA*

A progresiva fuxida dos principais personaxes da Bauhaus, culminou co peche da sede berlinesa da escola, despois das eleccións de 1932 que levaron a Hitler ao poder. Coa excepción de Hannes Meyer, despois dun período en Moscú, ningún estableceuse en Sudamérica. Sen embargo, varios estudantes de Bauhaus reconstruíron as súas vidas en diferentes países do cono sur americano, ca única equipaxe dos coñecementos adquiridos en Weimar e Dessau. As súas peripecias vitais ofrecen unha perspectiva excepcional para comprender e valorar o legado Bauhaus desde a nosa contemporaneidade.

Día 3 de decembro

CONCERTO

Julio Mourenza. *Director do Conservatorio Superior de Música de A Coruña*

A. Schoenberg: 6 pequenas pezas, op. 19 (1913), J. M. Hauer: Pezas para piano op. 16, op. 25. (1919-1923), B. Bartok, Sonata para Piano Sz.80 (1926), J. Cage, "In a landscape" (1948).

Día 17 de decembro

REFLEXIÓNS CINEMATOGRAFICAS NO CENTENARIO DA BAUHAUS

Ángel Luis Hueso Montón. *Catedrático de Cine da Universidade de Santiago de Compostela e Académico Numerario da RAGBA*

Debemos destacar que o período de existencia da Bauhaus (1919-1933) coincide cunha época de especial interese a tódolos niveis artísticos e, en concreto, no cinematográfico. Constataremos que eses anos prodúcese unha importante transformación das fórmulas do cine, abríndose unha serie de novos camiños (estéticos, temáticos, xenéricos) que converteran a eses momentos nunha etapa inigualable e inesquecibel desta forma expresiva.

Día 14 de xaneiro

BAUHAUS: A CONFIGURACIÓN DA MODERNIDADE

Xosé Díaz y Arias de Castro. *Deseñador e Académico Numerario da RAGBA*

O instituto de arte e deseño que agromou en Weimar entre a hecatombe da primeira guerra mundial e a instauración do réxime nacionalsocialista foi, sen dúbida algunha, unha das experiencias pedagóxicas máis extraordinarias e transcendentales do século XX, onde a liberdade creativa e o deseño das novas formas e espazos que necesitaba a nova estrutura social formaron un binomio único e irrepitible.

